

TEMPOS DIFÍCILES

“A guerra acaba de comezar”. É o que escoitou Tom aquel 28 de xullo de 1912, dende ese día nada volveu a ser igual.

El sempre me dicía que ninguén saía enteiro da guerra, non só fisicamente, psicolóxicamente tamén. Eu entendíao, eran tempos difíciles, nos que os invernos eran sombríos e os veráns infernos. Tom tivo que sentir o cheiro a cinza durante catro anos.

El díxome unha vez que teño que facer deste mundo un lugar mellor, onde non haxa guerra, nin barullo, odiaba o barullo pero... tíñalle moito medo ao silencio.

Disfrutaba o canto dos paxaros, das follas das árbores caendo ou as que bailaban dun lado para outro; sobre todo gustáballe a auga do río cando corría.

Eu sabía que ás veces se sentía mal. Era polo seu amigo. Faloume pouco del, só sei que era o único que tiña e que era soldado alemán. O último que me contou foi que morreron os dous só naquel praia, a alma de Tom, e o corpo do seu amigo.

Nin imaxino o que é vivir o mesmo que Tom. Era simpático e alegre antes de todo iso.